



**CONCELLO DE SOUTOMAIOR**

**1ª MODIFICACIÓN DA ORDENANZA SOBRE VERTIDOS DE AUGAS  
RESIDUAIS AOS SISTEMAS PÚBLICOS DE SANEAMENTO DE  
SOUTOMAIOR**

---



## **1ª MODIFICACIÓN DA ORDENANZA SOBRE VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS AOS SISTEMAS PÚBLICOS DE SANEAMENTO DE SOUTOMAIOR.**

---

### **Exposición de Motivos**

A ordenanza sobre vertidos de augas residuais de Soutomaior, foi aprobado inicialmente por acordo do Pleno da Corporación en sesión do 25 de setembro do 2014, non presentándose reclamación algunha contra o mesmo durante o prazo de 30 días a que se estivo sometido a exposición pública mediante anuncio no B.O.P. de 24/03/2006, quedando en consecuencia definitivamente aprobado o seu texto íntegro como figura publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 195, do 09 de outubro do 2014.

A transposición ao ordenamento xurídico da popularmente coñecida como Directiva de servizos, (Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos servizos no mercado interior, aprobada o 12 de decembro do 2006), provocou unha fonda transformación dos mecanismos legais que rexen o acceso e o exercicio de actividades de servizos dentro da Unión Europea e, ao mesmo tempo, dos títulos habilitantes para a execución de obras, acometidas e instalacións. A amentada transposición levou a cabo o desenvolvemento legal dunha serie de principios como o de simplificación administrativa e o da eliminación dos obstáculos nas actividades de servizos entre os Estados membros, que teñen por finalidade impulsar e mellorar a regulación vixente mediante a supresión de trabas inxustificadas ou desproporcionadas.

Este proceso mudou os mecanismos legais tradicionais de intervención na esfera dos particulares prestadores de servizos, pasando do sometemento a licenza ou autorización previa a outros mecanismos de comunicación e control “a posteriori”.

Tamén durante o período de aplicación da ordenanza detectouse a necesidade de introducir certas modificacións en relación ás obrigas dos usuarios, ou mesmo certas correccións.

Polas circunstancias citadas, faise necesaria unha modificación regulamentaria.

Por mor do cumprimento dos principios de transparencia, seguridade xurídica e publicidade, se inclúe neste documento un texto refundido do Regulamento unha vez aprobadas as modificacións.



### Propostas modificativas:

**Artigo único.-** A ordenanza sobre vertidos de augas residuais dos sistemas públicos de saneamento de Soutomaior, aprobado de xeito definitivo por acordo do Pleno da Corporación en sesión do 25 de setembro de 2014, queda modificado nos seguintes termos:

#### **Un.- Artigo 4º.**

Suprimir en apartado a), a seguinte expresión:

“(…). As acometidas ao sistema non forman parte do sistema público.”

Renoméanse os apartados do j) ao p) seguindo o alfabeto galego, quedando nomeados do l) ao r).

#### **Dous.- Artigo 5º.**

Engadir ao final do apartado 2 a expresión:

“(…) a presente ordenanza.”

Renúmeranse os artigos sucesivos a este, engadindo unha unidade xa que estaba repetido o artigo 5º.

#### **Tres.- Artigo 6º.**

No apartado 2, substituír a palabra “inviolabilidade” por “inviabilidade”.

No apartado 4, substituír:

“(…) da súa licenza (…)” por

“(…) do seu título habilitante de conexión, que se define como documento que consonte á normativa aplicable habilita a execución da acometida particular á rede (…)”.

No mesmo apartado 4, eliminar.

“(…) e realizárase de acordo con condicionantes técnicos do anexo VI.”

Renúmeranse o artigo 6º, que pasa a ser o artigo 7º.

#### **Catro.- Artigo 7º**

Substituír en apartado d) a distancia de “100 metros” por “75 metros”.

Engadir o punto:

o)

p) No entorno rural no que existen sistemas tradicionais de regadío: presas, regos, levadas etc. en funcionamento, os usuarios procuraran conducir as augas brancas xeradas cara estes, sempre que sexa posible.



Renoméanse os apartados do j) ao m) seguindo o alfabeto galego, quedando nomeados do l) ao o).

Renúméranse o artigo 7º, que pasa a ser o artigo 8º.

Cinco.- Artigo 9º.

Substituír a expresión:

“(…)a previa obtención de licenza municipal de acometida (…)” por

“(…) título habilitante de conexión (…)”.

O apartado 2 pasa a ter a seguinte redacción:

“Os establecementos non domésticos deberán unificar as verteduras xeradas nos distintos procesos produtivos minimizando na medida do posible, sempre que sexa tecnicamente e economicamente viable, o número de puntos de conexión a colectores. No caso das augas pluviais, deberán aplicarse as oportunas técnicas de drenaxe urbana sustentable e incorporar unha arqueta interior que permita a separación de graxas, de acordo coas Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia, aprobadas por Augas de Galicia.”

O apartado 5 pasa a ter a seguinte redacción:

“Todos os gastos derivados das actuacións de conexións ao sistema serán por conta da persoa usuaria, mentres que a conservación e mantemento corresponde á entidade xestora, no tramo que transcorre na vía pública”.

Renúméranse o artigo 9º, que pasa a ser o artigo 10º.

Seis.- Artigo 10º.

Apartado 1 a), queda redactado como segue:

“Os/as usuarios/as non domésticos/as cuxa actividade estea comprendida nos epígrafes A, B,C, D, E e F da vixente CNAE-2009, aprobada polo Real decreto 475/2007, ou outros códigos oficiais equivalentes, así como aqueloutros/as usuarios/as non domésticos/as cuxa vertedura sexa superior a 2.000 metros cúbicos anuais.”.

Apartado 3, queda redactado como segue:

“As conexións individuais á rede de saneamento levaranse a cabo de acordo coa normativa urbanística e sectorial que sexa de aplicación, e a conservación e mantemento das mesmas será responsabilidade do seu titular no tramo correspondente ao interior da finca, e da entidade xestora no trazado situado na vía pública”.

Renúméranse o artigo 10º, que pasa a ser o artigo 11º.

**Sete.- Artigo 11º.**

Suprimir apartado 6.



Renúméranse o artigo 11º, que pasa a ser o artigo 12º.

**Oito.- Artigo 12º.**

Substituír a expresión:

“(…) *anexo III* (…)” por

“(…) artigo 9 (…)”.

Renúméranse o artigo 12º, que pasa a ser o artigo 13º.

**Nove.- Artigo 17º.**

Substituír en apartado a), a expresión:

“(…) *licenza* (…)” por

“(…) título habilitante de conexión (…)”.

Renúméranse o artigo 17º, que pasa a ser o artigo 18º.

**Dez.- Artigo 31º.**

Substituír en apartado 4 a) e 4 b), a expresión:

“(…) *licenza de acometida* (…)” por

“(…) título habilitante de conexión (…)”.

No apartado 4, renoméanse os puntos do j) ao m) seguindo o alfabeto galego, quedando nomeados do l) ao o).

Substituír en apartado 5 c), a expresión:

“(…) *anexo II-A* (…)” por

“(…) *anexo I a)* (…)”.

No apartado 5, renoméanse os puntos do j) ao n) seguindo o alfabeto galego, quedando nomeados do l) ao p).

Variar a numeración do apartado 7 que pasa a ser 6

Renúméranse o artigo 31º, que pasa a ser o artigo 32º.



Once.- Engadir disposicións finais.

“Primeira:

A primeira modificación do presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto no BOP, transcorrido o prazo de quince días previstos nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, e unha vez iniciada a nova concesión.”

Doce.- Anexo I.

Renoméanse os puntos do j) ao m) seguindo o alfabeto galego, quedando nomeados do l) ao o).





## ORDENANZA SOBRE VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS AOS SISTEMAS PÚBLICOS DE SANEAMENTO.

### TEXTO REFUNDIDO

#### TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS<sup>3</sup>

ARTIGO 1.-OBXECTO.<sup>3</sup>

ARTIGO 2.-FINALIDADES.<sup>3</sup>

ARTIGO 3.-INFRAESTRUTURAS E INSTALACIÓNS DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO<sup>3</sup>

ARTIGO 4.DEFINICIÓNS.<sup>3</sup>

ARTIGO 5.-ÁMBITO.<sup>4</sup>

#### TÍTULO II. USO, CONDICIÓNS E CONTROL DAS VERTEDURAS Á REDE DE SANEAMENTO<sup>4</sup>

##### CAPÍTULO I. DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS DA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL<sup>4</sup>

ARTIGO 6.-USUARIOS/AS SUXEITOS/AS<sup>4</sup>

ARTIGO 7.-OBRIGA DE CONEXIÓN Á REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO<sup>5</sup>

ARTIGO 8 -DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS<sup>6</sup>

##### CAPÍTULO II. CONDICIÓNS E REQUISITOS PREVIOS PARA A ACOMETIDA Á REDE.<sup>7</sup>

ARTIGO 9.-CONDICIÓNS PREVIAS Á CONEXIÓN<sup>7</sup>

ARTIGO 10.- REQUISITOS E CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DA ACOMETIDA AO SISTEMA<sup>7</sup>

##### CAPÍTULO III. PERMISO DE VERTEDURA Á REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL<sup>8</sup>

ARTIGO 11. CONDICIÓNS PARA A UTILIZACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN<sup>8</sup>

ARTIGO 12. VERTEDURAS NON CANALIZADAS<sup>8</sup>

ARTIGO 13. SOLICITUDE DO PERMISO DE VERTEDURA<sup>9</sup>

ARTIGO 14. PERMISO DE VERTEDURA<sup>9</sup>

ARTIGO 15. PROCEDEMENTO DE OBTENCIÓN DO PERMISO DE VERTEDURA<sup>9</sup>

ARTIGO 16. CONTIDO DO PERMISO DE VERTEDURA<sup>9</sup>

ARTIGO 17. REVISIÓN DO PERMISO DE VERTEDURA<sup>10</sup>

ARTIGO 18. REVOGACIÓN DO PERMISO DE VERTEDURA<sup>10</sup>

ARTIGO 19. OBRIGAS DA PERSOA TITULAR DO PERMISO DE VERTEDURA<sup>11</sup>

##### CAPÍTULO IV. PROHIBICIÓNS E LIMITACIÓNS.<sup>11</sup>

ARTIGO 20. PROHIBICIÓNS DOS USUARIOS DA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL.<sup>11</sup>

ARTIGO 21. LIMITACIÓNS DAS VERTEDURAS Á REDE DE SANEAMENTO.<sup>11</sup>

##### CAPÍTULO V. PRETRATAMENTO DOS VERTIDOS<sup>11</sup>

ARTIGO 22. INSTALACIÓNS DE PRETRATAMENTO.<sup>11</sup>

ARTIGO 23. ASOCIACIÓN DE USUARIOS/AS.<sup>12</sup>

##### CAPÍTULO VI. DESCARGAS ACCIDENTAIS E SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.<sup>12</sup>

ARTIGO 24. COMUNICACIÓN<sup>12</sup>

ARTIGO 25. ADOPCIÓN DE MEDIDAS.<sup>12</sup>

ARTIGO 26. VALORACIÓN DE DANOS<sup>12</sup>

ARTIGO 27. ACCIDENTES MAIORES<sup>12</sup>

##### CAPÍTULO VII. INSPECCIÓN, MOSTRA, ANÁLISE E AUTOCONTROL DOS VERTIDOS.<sup>13</sup>



ARTIGO 28.- INSPECCIÓN E CONTROL POR PARTE DA ENTIDADE XESTORA	13
ARTIGO 29. TOMA DE MOSTRAS	13
ARTIGO 30. PRÁCTICA DAS ANÁLISES	13
ARTIGO 31.- AUTOCONTROL DAS VERTEDURAS	13
TÍTULO III. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.S	14
CAPÍTULO I. INFRACCIÓNS	14
ARTIGO 32. RESPONSABILIDADE E INFRACCIÓNS	14
CAPÍTULO II. RÉXIME SANCIONADOR	16
ARTIGO 33. SANCIÓN.S	16
ARTIGO 34. GRADUACIÓN DAS SANCIÓN.S	16
ARTIGO 35. VALORACIÓN DE DANOS	16
ARTIGO 36. REPARACIÓN DO DANOS E INDEMNIZACIÓNS	17
ARTIGO 37.- RÉXIME XURÍDICO, PROCEDEMENTO E PRESCRICIÓN	17
ARTIGO 38. COMPETENCIA	17
DISPOSICIÓNS FINAIS	17
ANEXO I	19
VERTEDURAS PROHIBIDAS	19
ANEXO II	20
VERTEDURAS LIMITADAS	20
ANEXO III	1
CONDICIÓNS DE PRESERVACIÓN DE MOSTRAS E MÉTODOS ANALÍTICOS	1





## ORDENANZA SOBRE VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS AOS SISTEMAS PÚBLICOS DE SANEAMENTO. TEXTO REFUNDIDO

### TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

#### ARTIGO 1.-OBXECTO.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación dos vertidos de augas residuais ás instalacións de saneamento que estean xestionadas polo Concello, en adiante Administración xestora, co fin de protexer aquelas instalacións así como o medio receptor dos seus afluentes.

#### ARTIGO 2.-FINALIDADES.

- a) Adecuar a calidade da auga dos efluentes vertidos ao medio receptor, de modo que se cumpran os límites impostos a ela na súa autorización de vertedora.
- b) Previr danos ou alteracións nos procesos de tratamento de depuración das augas.
- c) Garantir o bo funcionamento de todas as infraestruturas, obras e equipamentos que integran o Servizo Municipal de Saneamento.
- d) Evitar por en risco a saúde dos/as traballadores/as das redes de saneamento e da poboación en xeral, provocados por condicións de perigosidade ou toxicidade, xerados polo sistema de saneamento.
- e) Posibilitar a reutilización das augas residuais.
- f) Evitar emisións incontroladas de contaminantes ao medio.

#### ARTIGO 3.-INFRAESTRUTURAS E INSTALACIÓNS DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO

Aos efectos desta Ordenanza, as instalacións de saneamento comprenden as redes de sumidoiros, os colectores e emisarios, así como as estacións depuradoras de augas residuais, calquera que sexa o tipo de tecnoloxía utilizada co obxectivo de recoller, transportar e depurar as augas residuais para devolvelas ao medio receptor nas condicións adecuadas para salvagardar a calidade das augas continentais e/ou mariñas.

#### ARTIGO 4.DEFINICIÓNS.

- a) Sistema público de saneamento e depuración de augas residuais: conxunto de bens de dominio público interrelacionados, composto por unha ou máis redes locais de sumidoiros, colectores, estacións de bombeo, conducións de vertedura, estación depuradora de augas residuais e outras instalacións de saneamento asociadas, co obxectivo de recoller, conducir ata a estación e sanear, de maneira integrada, as augas residuais xeradas nun ou máis municipios ou en parte dun ou máis municipios.
- b) Sistema de depuración: aquela parte do sistema definido na letra anterior, composto por unha estación depuradora de augas residuais e a súa condución de vertedura, incluído, de ser o caso, un emisario submarino.
- c) Sistema de saneamento: o resto do sistema definido na letra a).
- d) Augas residuais urbanas: as augas residuais domésticas ou a mestura delas coas augas residuais non domésticas, así como con augas de escorregamento pluvial.
- e) Augas residuais domésticas: as augas residuais procedentes dos usos residenciais das vivendas, actividades comerciais sen almacenaxe, oficinas e talleres integrados nas vivendas, xeradas principalmente polo metabolismo humano e as actividades domésticas.
- f) Augas residuais non domésticas: as augas residuais vertidas desde establecementos nos que se efectúe calquera actividade industrial, agrícola ou gandeira, que non sexan augas residuais domésticas ou de



escorregamento pluvial. Entenderase por actividade industrial aquela que consista na produción, transformación, manipulación, reparación e almacenaxe de materias primas e produtos manufacturados.

- g) Augas brancas: as augas que non foron sometidas a ningún proceso de transformación de xeito que a súa potencial capacidade de perturbación do medio é nula e, polo tanto, non deben ser conducidas mediante os sistemas públicos de saneamento. A súa procedencia é diversa: augas destinadas á rega agrícola, augas subterráneas, augas superficiais, fontes ou mananciais, e augas procedentes da rede de abastecemento.
- h) As augas de escorregamento pluvial terán carácter de augas brancas ou de augas residuais urbanas en función da posibilidade de alteración dos obxectivos de calidade do medio receptor. Así mesmo, terán esta consideración as augas de refrixeración en función das súas características.
- i) Residuos sólidos ou semisólidos xerados: os lodos orixinados nos sistemas públicos de saneamento e depuración de augas residuais urbanas, así como o resto de residuos xerados nos sistemas públicos de saneamento e depuración.
- l) Entidade xestora: a Administración pública que teña encomendada a xestión de cada un dos sistemas públicos de saneamento e depuración de augas residuais, con independencia de que o servizo se preste directa ou indirectamente.
- m) Usuarios/as domésticos: aqueles que verten augas residuais domésticas.
- n) Usuarios/as non domésticos: aqueles que verten augas residuais non domésticas.
- o) Estación depuradora de augas residuais (EDAR): conxunto de instalacións necesarias para, como mínimo, o tratamento físico, fisicoquímico ou biolóxico das augas residuais domésticas.
- p) Acometida: conxunto de elementos interconectados que unen a rede pública de saneamento coa instalación privada dunha vivenda ou edificio.
- q) Redes unitarias: aquelas que constan dunha soa canalización pola que en tempo seco circulan augas residuais urbanas e en tempo de chuvia asume tamén a función de drenar as augas pluviais, provocándose unha mestura de ambos os tipos de augas.
- r) Redes separativas: aquelas que constan de dúas canalizacións independentes; unha delas transporta as augas residuais de orixe doméstica, comercial ou industrial ata a estación depuradora, e a outra conduce as augas pluviais ata o medio receptor, ou ata un posible sistema de tratamento previo á súa vertedura.

#### **ARTIGO 5.-ÁMBITO.**

1. Inclúense no ámbito desta Ordenanza todas as verteduras de augas residuais, de calquera orixe, que se realicen á rede de saneamento de titularidade municipal á que se refire o artigo 3, ou as que no futuro sexan conectadas.
2. Non se inclúen nesta Ordenanza aqueles produtores de verteduras de augas residuais que contén coa oportuna autorización administrativa para levar a cabo as verteduras, directa ou indirectamente, no dominio público hidráulico ou no dominio marítimo-terrestre, sempre que a dita autorización estea actualizada e os seus titulares cumpran coas condicións impostas nela. Non obstante, o Concello poderá obrigar os mencionados produtores de verteduras a conectalas ao sistema municipal de saneamento e a cumprir a presente ordenanza.

## **TÍTULO II. USO, CONDICIÓNS E CONTROL DAS VERTEDEURAS Á REDE DE SANEAMENTO**

### **CAPÍTULO I. DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS DA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL**

#### **ARTIGO 6.-USUARIOS/AS SUXEITOS/AS**

1. Todas as edificacións, industrias ou explotacións, tanto públicas como privadas, susceptibles de xeraren verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, estarán obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos desta Ordenanza, tanto nas conexións actuais como nas previstas no futuro.
2. Segundo a orixe e as características das augas residuais que xeran, os usuarios/as da rede de



saneamento clasifícanse do seguinte xeito:

- a) Usuarios/as domésticos: aqueles que xeran augas residuais domésticas, entendendo por tales aquelas procedentes dos usos particulares das vivendas, xeradas principalmente polo metabolismo humano e as actividades domésticas. Aplicarase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivenda, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial ou profesional de ningún tipo.
- b) Usuarios/as non domésticos: aqueles que xeran augas residuais non domésticas, entendendo por tales aquelas vertidas desde establecementos en que se efectúe calquera actividade comercial, industrial, de servizos, agrícola ou gandeira. Estas augas residuais, polas súas características, poden presentar nalgún momento determinado unha composición fisicoquímica, aínda que sexa accidentalmente, que supere os valores límite de emisión establecidos nesta Ordenanza. As características destas verteduras serán compatibles co seu transporte e depuración polo sistema de saneamento. A estes usuarios, a xuízo da entidade xestora, poderáselles esixir a instalación dun pretratamento e/ou control previamente á conexión á rede pública de saneamento.

#### **ARTIGO 7.-OBRIGA DE CONEXIÓN Á REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO**

1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os/as usuarios/as (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 75 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia.
2. Non entanto, a Entidade Xestora poderá dispensar da obrigatoriedade da conexión sinalada no punto anterior, cando se acredite polo/a usuario/a a inviabilidade de devandita conexión por razóns técnicas, económicas ou urbanísticas debidamente xustificadas.
3. No caso de que unha actividade xeradora de augas residuais non estea obrigada a conexión a rede municipal de saneamento, ou esta non sexa posible, debera estar provista de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares) que non supoñan un risco para o medio ambiente. Estes sistemas de depuración, que implicarán un vertido directo ou indirecto ao dominio público, deberán estar autorizados polo Organismo de conca ou a Administración hidráulica competente.
4. Os/as usuarios/as adoptarán as medidas ou previsións correspondentes para poder conectar as súas redes á municipal, sendo os gastos de acometida pola súa conta (Art. 7.5 e 7.6). A acometida á rede municipal de saneamento terá carácter privativo, incluído o punto de conexión ou entroncamento coa rede municipal, substanciarase a obtención do seu título habilitante de conexión, que se define como documento que consonte á normativa aplicable habilita a execución da acometida particular á rede, conforme o disposto no artigo 13. Correspóndenlles aos usuarios/as as obrigas de limpeza, conservación e mantemento da dita acometida.
5. Cando, como consecuencia dunha actuación pública ou privada autorizada, un/ha usuario/a pase a dispor dunha rede do sistema público de saneamento municipal a menos de 75 metros, deberase conectar obrigatoriedade a esa rede logo de requirimento municipal, sempre que o presuposto de execución material da actuación para a conexión non exceda o 4% do valor catastral da edificación a conectar. A citada conexión deberá executarse no prazo que fixe a Entidade Xestora.

No caso de superarse o mencionado 4% do valor catastral da edificación, deberá estudarse a execución do restante da actuación por parte da Entidade Xestora.

Por outra banda, clausurarase o sistema autónomo existente (fosa séptica ou dispositivo similar), o que debera ser comprobado e certificado por técnicos dos servizos municipais.

6. No caso de novas edificacións en solo de núcleo rural e rústico, coa rede do sistema público de saneamento municipal a menos de 75 metros, deberase conectar obrigatoriedade a esa rede logo de requirimento municipal, sempre que o presuposto de execución material da actuación para a conexión non exceda o 4% do presuposto de execución material da edificación a conectar. A citada conexión deberá executarse no prazo que fixe a Entidade Xestora.

No caso de superarse o mencionado 4% do presuposto de execución material da edificación a conectar, deberá estudarse a execución do restante da actuación por parte da Entidade Xestora.



7. En solo urbano non se permite a utilización de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares). Todo usuario debere estar conectado á rede de saneamento municipal. Se non existise rede na zona, ou estivese a máis de 75 metros e a zona non estivese incluída en polígono, a súa execución correspóndelle ao Concello.

Mentres o Concello non execute ditas obras, permitirase a utilización de fosas sépticas ou dispositivos similares, aos que se conectaran as augas provenientes dos aseos (inodoros, lavabos, bidés e duchas), e tamén das augas grises provenientes dos vertedoiro, lavalouzas, lavadoras ou outros aparellos ou instalacións análogas.

8. En solo urbanizable e rústico, no que habitualmente non existe saneamento municipal, autorizarase para as construcións provisionais en solo urbanizable e para as permanentes autorizables en solo rústico o emprego de fosas sépticas ou similares baixo as premisas sinaladas no punto anterior.
9. En parcelas edificables, pero non edificadas, non se autorizará a conexión á rede municipal de saneamento.

#### **ARTIGO 8 -DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS**

O/A usuario/a terá os seguintes deberes:

- a) Satisfacer puntualmente o importe do servizo de saneamento na contía, forma e prazos que determinen as correspondentes Ordenanzas fiscais municipais.
- b) Aboar as cantidades que resulten da liquidación que por erro, fraude ou avaría se lles poidan imputar.
- c) Verter as augas residuais conforme o previsto nesta Ordenanza e, de ser o caso, conforme o previsto nos correspondentes permisos de vertedura.
- d) Conectarse á rede municipal de saneamento cando esta se atope a menos de 75 metros do punto de vertedura, solicitando previamente a licenza de acometida e aboando a taxa que determine a correspondente Ordenanza fiscal.
- e) Informar á entidade xestora acerca de fugas, avarías, perdas ou calquera outro incidente que, por interese propio ou xeral, afecte ou poida afectar ás instalacións do Servizo Municipal de Saneamento. Entre estes incidentes inclúense as manipulacións de instalacións que poidan causar contaminación ou perigo para persoas ou bens públicos ou privados.
- f) Comunicarlle á entidade xestora de xeito inmediato calquera modificación nos procesos que inflúa na calidade do efluente que se verte, así como a comunicación de calquera circunstancia futura que implique unha variación das características cualitativas ou cuantitativas da vertedura para os efectos de proceder, de ser o caso, a revisión do correspondente permiso de vertedora.
- g) Permitir e facilitar a libre entrada nas instalacións do persoal municipal debidamente acreditado, para inspeccionar ou reparar as instalacións.
- h) Respetar o precinto de calquera local, instalación ou mecanismo desta que afecte ou forme parte do sistema público de saneamento.
- i) Cumprir as condicións e deberes que figuren no permiso de vertedura.
- l) Comunicarlle á entidade xestora calquera modificación de domicilio ou titularidade da vivenda ou establecemento, modificación na instalación interior (en especial os puntos novos de vertedura que resulten significativos polo seu volume) ou calquera outra que implique un cambio significativo no desenvolvemento xeral do servizo que presta a entidade xestora.
- m) Cando exista unha alteración no volume do caudal de vertedura que implique un aumento de máis do 10%, deberáselle notificar ao Concello para que se poida estudar a incidencia dese aumento no sistema de saneamento.
- n) Prever as instalacións de bombeo e elevación naqueles casos en que sexa necesario.
- o) No entorno rural no que existen sistemas tradicionais de regadío: presas, regos, levadas etc. en funcionamento, os usuarios procuraran conducir as augas brancas xeradas cara estes, sempre que sexa



posible.

## **CAPÍTULO II. CONDICIÓN E REQUISITOS PREVIOS PARA A ACOMETIDA Á REDE.**

### **ARTIGO 9.-CONDICIÓN PREVIAS Á CONEXIÓN**

1. Para a conexión dun/ha usuario/a ao sistema municipal de saneamento, compre que a rede se atope en servizo, e que a vertedura do usuario cumpra as condicións establecidas nesta Ordenanza.
2. Para poder efectuar a conexión, todos os edificios deberán contar cunha rede separativa interior de augas pluviais e fecais. No caso de que non exista rede separativa na vía pública nesa zona, a conexión entre ambas as dúas efectuarase sempre fora dos límites da parcela e entre esta e a rede de saneamento.

### **ARTIGO 10.- REQUISITOS E CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DA ACOMETIDA AO SISTEMA**

1. Para a conexión dun/ha usuario/a ao sistema municipal de saneamento será necesaria título habilitante de conexión ao sistema e, no seu caso, tamén o previo permiso de vertedura para os/as usuarios/as que sinala o artigo 11, así como o abono das taxas fiscais correspondentes.

Para iso, deberase presentar no Rexistro Municipal a solicitude no modelo homologado correspondente acompañado da seguinte documentación:

- a) Planos da rede de desaugadoiros do interior do edificio, detallando os sifóns xerais e a ventilación aérea.
  - b) descrición das disposicións e dimensións axeitadas para un correcto desaugamento, especificando o material, o diámetro e a pendente lonxitudinal.
  - c) Instalación dun sifón xeral ou sistema semellante en cada edificio para evitar o paso de gases. Entre a acometida da condución e o sifón xeral do edificio dispórase dunha tubaxe de ventilación, sen sifón nin peche.
  - d) Toda instalación que verta augas residuais non domésticas deberá localizar, antes da conexión ao sistema e en todas e cada unha das conexións que posúa, unha arqueta de rexistro, se é posible fóra do recinto fabril, e en todo caso libre de calquera obstáculo e accesible en todo momento aos servizos técnicos competentes para a obtención de mostras e medición de caudais.
  - e) En dita arqueta deberá dispoñerse, cando o permiso de vertedura así o estableza, dun elemento de medida cun rexistro totalizador e instantáneo para a determinación exacta do caudal do efluente vertido. Cando os volumes de auga consumida e os volumes de auga vertida sexan aproximadamente os mesmos, a medición da lectura do caudal de auga de abastecemento poderá utilizarse como medida do caudal vertido sempre que o sistema de medida de auga consumida permita obter caudais instantáneos.
2. Os establecementos non domésticos deberán unificar as verteduras xeradas nos distintos procesos produtivos minimizando na medida do posible, sempre que sexa tecnicamente e economicamente viable, o número de puntos de conexión a colectores. No caso das augas pluviais, deberán aplicarse as oportunas técnicas de drenaxe urbana sustentable, e incorporar unha arqueta interior que permita a separación de graxas de acordo coas Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia, aprobadas por Augas de Galicia.
  3. Os/as usuarios/as domésticos, públicos ou privados, tamén velarán polo cumprimento do contido do punto anterior, coas excepcións igualmente antes establecidas, debidamente xustificadas e motivadas.
  4. As obras de conexión ao sistema público de saneamento estarán suxeitas ás prescricións da normativa urbanística que resulte aplicable.
  5. Todos os gastos derivados das actuacións de conexións ao sistema serán por conta da persoa usuaria, mentres que a conservación e mantemento corresponde á entidade xestora, no tramo que transcorre na vía pública.



6. Os criterios, metodoloxía, materiais, tipo de acometida e a súa execución deberán contar previamente coa autorización da entidade xestora da instalación receptora da vertedura.
7. As persoas usuarias que non queden suxeitas á obriga de conexión deberán dispoñer dun sistema propio de tratamento das augas residuais e, de ser o caso, da correspondente autorización de vertedura outorgada polo organismo de bacía competente en razón do territorio.

### **CAPÍTULO III. PERMISO DE VERTEDEURA Á REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL**

#### **ARTIGO 11. CONDICIÓN PARA A UTILIZACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

1. Quedan obrigadas a obter permiso de vertedura ao sistema público de saneamento e depuración de augas residuais e a respectar as prohibicións e limitacións establecidas nos anexos I e II, respectivamente, deste regulamento as seguintes persoas usuarias:
  2. Os/as usuarios/as non domésticos/as cuxa actividade estea comprendida nos epígrafes A, B, C, D, E e F da vixente CNAE-2009, aprobada polo Real decreto 475/2007, ou outros códigos oficiais equivalentes, así como aqueloutros/as usuarios/as non domésticos/as cuxa vertedura sexa superior a 2.000 metros cúbicos anuais.
    - a) Os/as usuarios/as cun volume de vertedura inferior a 2.000 metros cúbicos anuais pero que orixinen contaminación especial nos termos do artigo 47.1.c) da Lei 9/2010, de augas de Galicia.
    - b) As instalacións que sexan requiridas ó efecto por parte do Concello.
3. O resto de persoas usuarias cuxa actividade xere augas residuais domésticas quedan suxeitas ás regulamentacións que dite a entidade xestora e, en todo caso, ás prohibicións establecidas no anexo I deste regulamento.
4. As conexións individuais á rede de saneamento levaranse a cabo coa normativa urbanística e sectorial que sexa de aplicación, e a conservación e mantemento das mesmas será responsabilidade do seu titular no tramo correspondente ao interior da finca, e da entidade xestora no trazado situado na vía pública.

#### **ARTIGO 12. VERTEDEURAS NON CANALIZADAS**

1. Enténdese por verteduras non canalizadas aquelas que chegan ás estacións depuradoras de augas residuais a través de medios de transporte que non son nin tubaxes nin canles.
2. Para efectuar verteduras ás instalacións de saneamento mediante sistemas non canalizados será necesario que, sen prexuízo dos permisos ou autorizacións esixibles de conformidade coa lexislación aplicable en materia de residuos, quen produza a vertedura obteña un permiso especial outorgado pola entidade xestora, logo de consulta á entidade xestora do sistema de depuración, no caso de que se trate de distintas entidades.
3. Este tipo de verteduras deberán respectar as prohibicións e limitacións establecidas nos anexos I e II deste regulamento.
4. Exceptúanse das obrigas do punto anterior as verteduras procedentes de fosas sépticas ou das limpeza dos sistemas públicos de saneamento, no referente aos parámetros DQO, DBO, MES, sulfuros, aceites e graxas e as diferentes formas de nitróxeno e fósforo recollidas no anexo II deste regulamento, así como as verteduras deste tipo ás cales poida resultar de aplicación o disposto no artigo 14.2. deste regulamento.
5. As verteduras non canalizadas só se poderán realizar nas estacións depuradoras de augas residuais que dispoñan das instalacións adecuadas para a recepción destas verteduras e de todas as autorizacións correspondentes. En todo caso, a incorporación destas verteduras pautarase de acordo coas indicacións ao respecto da entidade xestora da estación depuradora, coa finalidade de evitar calquera alteración do proceso.



### *ARTIGO 13. SOLICITUDE DO PERMISO DE VERTEDEURA*

Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, as persoas usuarias de novas acometidas titulares das actividades indicadas no artigo 11.1 deben solicitar da entidade xestora o correspondente permiso de vertedura, e achegar, como mínimo, a documentación que se indica no artigo 10 deste regulamento.

### *ARTIGO 14. PERMISO DE VERTEDEURA*

1. O permiso de vertedura ao sistema público de saneamento e depuración será outorgado aos usuarios indicados no artigo 11.1 pola entidade xestora correspondente.
2. A entidade xestora do sistema de depuración, no caso de ser distinta á que xestiona o sistema de saneamento, deberá emitir informe con carácter previo e preceptivo sobre as solicitudes de permiso de vertedura que esta reciba. Se o informe non é emitido no prazo de dous meses, entenderase que ten carácter favorable.
3. O outorgamento do dito permiso faculta ás mencionadas persoas usuarias para realizaren verteduras de augas residuais ao sistema público de saneamento nas condicións establecidas nel.
4. O permiso de vertedura regulado neste regulamento establécese sen prexuízo do resto das competencias municipais en materia de redes de sumidoiros e da obtención por parte da persoa usuaria de cantos permisos sexan necesarios ata chegar a conectarse ao sistema público de saneamento.
5. O prazo máximo para ditar resolución será de seis meses desde que reciba a solicitude de permiso o órgano competente para resolver. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución, a solicitude entenderase denegada.

### *ARTIGO 15. PROCEDEMENTO DE OBTENCIÓN DO PERMISO DE VERTEDEURA*

1. O procedemento para a obtención do permiso de vertedura aos sistemas públicos de saneamento e depuración no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, así como na normativa que sobre a materia aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.
2. No caso de que as actividades non se atopen afectadas polo punto primeiro, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.

### *ARTIGO 16. CONTIDO DO PERMISO DE VERTEDEURA*

1. A resolución de outorgamento do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento que dite a entidade xestora deberá incluír, como mínimo, os seguintes aspectos:
  - a) Os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura, tanto en concentracións máximas instantáneas como en concentracións medias máximas.
  - b) Os límites cuantitativos do volume da vertedura, indicando o caudal medio diario, o volume máximo diario e o máximo caudal instantáneo e a súa duración.
  - c) A obriga de instalar, no prazo máximo de seis meses desde a notificación da resolución, unha arqueta coas características que se definan no permiso, facilmente accesible e identificable, que permita as tarefas de inspección e control recollidas na resolución de permiso de vertedura.
  - d) Con carácter xeral, agás por razóns xustificadas debidamente motivadas, os permisos de vertedura outorgaranse por un período máximo de oito anos, renovables por idénticos períodos, por consentimento expreso e por escrito, da entidade xestora dos sistemas públicos de saneamento. Nos supostos do artigo 15.1, a vixencia do permiso someterase ao prazo da autorización ambiental integrada.



2. O permiso de vertedura ao sistema de saneamento poderá, ademais, establecer limitacións, condicións e garantías en relación con: elementos de medida e rexistro do caudal de vertedura, horario de vertedora, instalacións de tratamento previo da vertedora, excepcións temporais dos requirimentos do anexo II, realización de autocontrois por parte do titular do permiso (verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento e depuración), medios necesarios para a toma de mostras, programas de seguimento da vertedora, informes periódicos á entidade xestora do sistema.
3. En ningún caso o outorgamento do permiso de vertedura pode comprometer a consecución dos obxectivos de calidade do medio receptor do efluente depurado do sistema de saneamento e depuración.
4. A inspección, vixilancia e control do cumprimento das condicións do permiso de vertedura corresponde á entidade xestora do sistema, sen prexuízo da intervención de Augas de Galicia na súa función de alta inspección.

#### **ARTIGO 17. REVISIÓN DO PERMISO DE VERTEDEURA**

1. O permiso de vertedura ao sistema de saneamento deberá revisarse, logo de audiencia do interesado, cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume da vertedura, cando se alteren substancialmente as circunstancias que motivaron o seu outorgamento, ou cando sobreveñan outras circunstancias que, de existiren anteriormente, terían xustificando a súa denegación ou o seu outorgamento en termos diferentes.
2. En todo caso, procederase á revisión do permiso:
  - a) Cando a carga contaminante vertida por unha actividade resulte significativa en relación co total tratado polo sistema e poida dificultar a súa depuración nas condicións adecuadas.
  - b) Cando o efecto aditivo de verteduras das mesmas características poida dificultar o tratamento do sistema nas ditas condicións adecuadas.
3. No caso de que a revisión comporte a modificación das condicións da vertedura ao sistema, a entidade xestora poderá conceder á persoa titular do permiso un prazo de adaptación que non excederá un ano contado desde a aprobación da revisión.
4. Se a persoa titular do permiso non realizase as modificacións no prazo que para o efecto lle indique a entidade xestora, esta poderá declarar a caducidade do permiso de vertedura sen prexuízo da imposición das sancións oportunas.
5. En ningún caso a revisión do permiso de vertedura comportará para o seu titular dereito a ningunha indemnización.

#### **ARTIGO 18. REVOGACIÓN DO PERMISO DE VERTEDEURA**

O permiso de vertedura ao sistema de saneamento e depuración poderá ser revogado, logo de audiencia do seu titular, nos seguintes supostos:

- a) Como consecuencia da revogación da autorización ou título habilitante de conexión que permita o desenvolvemento da actividade que causa a vertedura.
- b) Por incumprimento dos requirimentos efectuados para adecuar a vertedura ás condicións establecidas no permiso.
- c) Como consecuencia dunha sanción que leve implícita a perda do permiso.
- d) A non aceptación ou incumprimento das modificacións do permiso de vertedura impostas como consecuencia da súa revisión.





#### **ARTIGO 19. OBRIGAS DA PERSOA TITULAR DO PERMISO DE VERTEDEURA**

A persoa titular do permiso de vertedura debe cumprir as obrigas seguintes:

- a) Comunicar de xeito inmediato á entidade xestora calquera avaría do proceso produtivo ou das súas instalacións de tratamento que poida afectar negativamente a calidade da vertedura ao sistema, así como calquera modificación nos procesos que inflúa na dita calidade.
- b) Comunicar á entidade xestora calquera circunstancia futura que implique unha variación das características cualitativas ou cuantitativas da vertedura, para os efectos de proceder, de ser o caso, á revisión do permiso.
- c) Adaptar a súa actividade e as súas instalacións ás medidas e actuacións que resulten da aplicación das normas previstas nesta Ordenanza.

#### **CAPÍTULO IV. PROHIBICIÓNS E LIMITACIÓNS.**

##### **ARTIGO 20. PROHIBICIÓNS DOS USUARIOS DA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL.**

Están prohibidas:

- a) A vertedura ao sistema de saneamento e depuración das substancias relacionadas no anexo I deste regulamento.
- b) A dilución para acadar os niveis de emisión que permitan a súa vertedura ao sistema, excepto nos supostos de emerxencia ou de perigo inminente. Nestes supostos deberase realizar a comunicación inmediata destas circunstancias á entidade xestora, a cal deberá adoptar as medidas que en cada caso foren pertinentes.
- c) A vertedura de augas pluviais ao sistema cando se poida adoptar unha solución técnica alternativa.
- d) A vertedura de augas brancas ao sistema.

##### **ARTIGO 21. LIMITACIÓNS DAS VERTEDEURAS Á REDE DE SANEAMENTO.**

1. As verteduras que conteñan substancias das relacionadas no anexo II deste regulamento deberán respectar as limitacións que se especifiquen no contido do permiso de vertedura ou outras para substancias non especificadas no dito anexo que a entidade xestora considere, co fin de protexer os sistemas de saneamento e depuración ou o medio a que verte. Naqueles parámetros do anexo II para os cales non se especifiquen limitacións no contido do permiso de vertedura, as limitacións serán as especificadas en dito anexo.
2. Non se admitirá a dilución para acadar ditos límites.
3. O permiso de vertedura poderá establecer valores máis restritivos que os previstos no anexo II deste regulamento e, así mesmo, poderá establecer limitacións de caudal respecto de parámetros específicos, todo iso en función da capacidade do sistema.
4. Logo de consulta da entidade xestora, Augas de Galicia poderá adoptar limitacións diferentes das establecidas no punto anterior cando, en aplicación das mellores técnicas dispoñibles, se consiga para unha mesma carga contaminante vertida ao sistema unha diminución do caudal de vertedura indicado no permiso correspondente mediante o emprego de sistemas de aforro de auga por parte da persoa titular do permiso.

#### **CAPÍTULO V. PRETRATAMENTO DOS VERTIDOS**

##### **ARTIGO 22. INSTALACIÓNS DE PRETRATAMENTO.**

1. No caso de que os vertidos non reunisen as condicións esixidas nesta Ordenanza para a súa incorporación ás instalacións de saneamento, o seu titular estará obrigado a presentar ante a Administración xestora, ademais da correspondente solicitude de permiso, o necesario proxecto dunha instalación de pretratamento ou depuradora específica a fin de atinxir aquelas condicións.



2. A aprobación do proxecto por parte da Administración xestora comporta que o permiso de vertido quede condicionado á eficacia do pretratamento de forma que se este non conseguise os resultados previstos, quedará sen efectos.
3. O titular do vertido estará obrigado á construción das instalacións contidas no proxecto, podendo, no seu caso, a Administración xestora esixir a instalación de medidores do caudal vertido así como outras medidas de control da contaminación.

#### **ARTIGO 23. ASOCIACIÓN DE USUARIOS/AS.**

Cando, excepcionalmente, varios/as usuarios/as se unan para efectuar conxuntamente un tratamento previo das súas augas residuais, deberán obter un permiso de vertedura para o efluente final conxunto, con declaración de todos/as os/as usuarios/as que o compoñan. A responsabilidade do cumprimento das condicións establecidas no permiso de vertedura será da comunidade de usuarios/as e solidariamente de cada un deles. Neste caso, cada un/ha dos/as usuarios/as deberá instalar antes da confluencia das verteduras seccións de control individuais para o control e medición independente dos efluentes.

### **CAPÍTULO VI. DESCARGAS ACCIDENTAIS E SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.**

#### **ARTIGO 24. COMUNICACIÓN**

1. Cada persoa usuaria deberá tomar as medidas adecuadas para evitar as descargas accidentais de verteduras que poidan ser potencialmente perigosas para a saúde das persoas ou a seguridade das instalacións que compoñen o sistema público de saneamento e depuración, así como para o medio receptor.
2. Cando por accidente, fallo de funcionamento ou da explotación das instalacións da persoa usuaria se produza unha vertedura que estea prohibida e que sexa capaz de orixinar unha situación de emerxencia ou perigo tanto para as persoas coma para o sistema de saneamento e depuración, o usuario deberá comunicar urxentemente a circunstancia producida á entidade xestora do sistema así como ao número de emerxencias 112, co obxecto de evitar ou reducir ao mínimo os danos que se poidan causar. A comunicación efectuarase utilizando o medio máis rápido.

#### **ARTIGO 25. ADOPCIÓN DE MEDIDAS.**

1. Unha vez producida a situación de emerxencia, o titular do vertido utilizará todos os medios ao seu alcance para reducir ao máximo os efectos da descarga accidental.
2. O titular deberá remitir á Entidade Xestora do sistema, no prazo máximo de corenta e oito horas, un informe detallado do accidente, no cal deberán figurar os seguintes datos: identificación da empresa, caudal e materias vertidas, causa do accidente, hora en que se produciu, medidas correctoras tomadas in situ, hora e forma en que se comunicou o suceso. Cada unha das entidades xestoras poderá solicitar do usuario os datos necesarios para a correcta valoración do accidente.

#### **ARTIGO 26. VALORACIÓN DE DANOS**

Os custos das operacións a que dean lugar os accidentes que ocasionen situacións de emerxencia ou perigo, así como os de limpeza, remoción, reparación ou modificación do sistema de saneamento e depuración, deberán ser aboadores pola persoa usuaria causante, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir.

#### **ARTIGO 27. ACCIDENTES MAIORES**

Cando as situacións de emerxencia a que se fai referencia nos artigos anteriores poidan ser cualificadas de accidentes maiores a criterio da Axencia Galega de Emerxencias, ademais das normas establecidas no presente regulamento, serán de aplicación as disposicións normativas vixentes en Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias.



## **CAPÍTULO VII. INSPECCIÓN, MOSTRA, ANÁLISE E AUTOCONTROL DOS VERTIDOS.**

### **ARTIGO 28.- INSPECCIÓN E CONTROL POR PARTE DA ENTIDADE XESTORA**

1. Todas as cuestións relativas a inspección e control derivadas do cumprimento do previsto nesta Ordenanza se remiten á regulación contida no decreto 141/2012, do 21 de xuño, e posteriores que actualicen ou derroguen esta, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo publico de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, en concreto aos artigos:

- 2.- Función inspectora.
- 3.- Obxecto e inicio da inspección.
- 4.- Dereitos do persoal inspector.
- 5.- Deberes do persoal inspector.
- 6.- Desenvolvemento da actividade inspectora.
- 7.- Documentación das actuacións inspectoras

### **ARTIGO 29. TOMA DE MOSTRAS**

A toma de mostras de augas residuais levarase a cabo de acordo co seguinte procedemento:

1. Punto de toma de mostras. A mostra tomarase da arqueta de rexistro se existir, logo de comprobación das coordenadas UTM ou, no seu defecto, no último punto accesible de saída das augas residuais das instalacións de produción ou tratamento, previo á incorporación ás redes de saneamento e a calquera dilución.
2. Preparación da mostra. Para a obtención da mostra tomarase nun recipiente unha cantidade de efluente suficiente para poder dividila en tres submostras (dúas quedarán en poder do persoal inspector, a primeira para efectuar as determinacións analíticas e a segunda para a práctica dunha eventual análise dirimente, e a terceira ofreceráse á persoa interesada, para os efectos de que poida proceder, se o considera oportuno, á práctica da análise contraditoria.) en cadanseus recipientes de material adecuado ás determinacións analíticas que se prevexa realizar. Os recipientes enxaugaranse previamente co mesmo efluente obxecto da mostraxe.
3. A natureza dos envases, as súas condicións de preservación, así como os métodos analíticos dos diferentes parámetros, serán os que figuran no anexo III do presente regulamento.

### **ARTIGO 30. PRÁCTICA DAS ANÁLISES**

1. Para a práctica da análise inicial e da contraditoria deberá entregarse ao laboratorio de que se trate a mostra correspondente, debidamente conservada, no prazo máximo de 72 horas desde a toma de mostras, para os efectos de iniciar o procedemento de análise no dito prazo.
2. As determinacións analíticas da mostra inicial e da contraditoria levaranse a cabo en laboratorios que dispoñan de acreditación que garanta o cumprimento da norma UNE EN ISO 17025. Tamén se poderán levar a cabo no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.
3. Pola súa parte, a persoa interesada poderá facer uso do dereito a realizar a análise contraditoria. Nese caso, comunicarlle á entidade xestora os resultados da dita análise, se o considera procedente.
4. Os gastos xerados pola práctica da análise contraditoria corresponden sempre á persoa interesada. Os gastos da análise dirimente corresponden á parte que a solicite.

### **ARTIGO 31.- AUTOCONTROL DAS VERTEDEURAS**

1. Nos casos en que o permiso de vertedura así o esixa, o seu titular tomará as mostras e procederá a



realizar as análises que se especifiquen no propio permiso para verificar que non se superan as limitacións establecidas.

2. Os resultados das análises deberanse conservar polo menos durante tres anos.
3. O titular do permiso de vertedura terá un plan de autocontrol, que estará a disposición da entidade xestora e dos inspectores, no que constarán: a periodicidade dos autocontrois, o lugar en que se tomaron as mostras, a data en que se realizou a toma e as determinacións analíticas, así como calquera outro dato que se considere procedente solicitar.
4. A entidade xestora poderá requirir ao usuario para que presente periodicamente un informe sobre o efluente vertido se así foi establecido no permiso de vertedura.
5. Para os efectos de que os usuarios non domésticos poidan levar a cabo estes controis cando o indique o seu permiso de vertedura, ou cando llelo solicite a entidade xestora, deberan dispor dun equipamento de medida de caudal e dun equipamento de toma de mostras automático, situados na sección de control, que permita obter unha mostra representativa da vertedura. Dita mostraxe realizará como mínimo unha toma de mostras durante un período de tempo representativo das actividades da empresa, que teña tamén en conta actividades especiais ou singulares, equivalente a unha xornada laboral completa.
6. A análise das mostras deberá ser realizada mediante metodoloxía oficial nun laboratorio externo acreditado, segundo os requisitos establecidos nas normas da serie UNE-EN ISO/IEC 17025, ou a que no futuro a substitúa, que sexa de aplicación en función do seu ámbito de actuación e/ou rexistrado pola Administración.
7. En caso de que non exista medición de caudal vertido, tomarase como dato do caudal o valor da auga consumida. No caso de existiren diferenzas significativas, o titular da vertedura deberá instalar un equipamento de medida homologado para a medida do efluente.
8. A entidade xestora poderá solicitar a instalación, na citada sección de control, das sondas e equipamentos automáticos de medición en continuo da vertedura que se consideren necesarios para un autocontrol efectivo. Poderá esixirse a realización de controis en continuo naqueles puntos de vertedura cando se advirtan afeccións negativas no contorno ou se presuma, razoadamente, que os resultados dos controis periódicos establecidos non garantan unha representatividade suficiente dos niveis de emisión reais.

### **TÍTULO III. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN. S.**

#### **CAPÍTULO I. INFRACCIÓNS.**

##### **ARTIGO 32. RESPONSABILIDADE E INFRACCIÓNS.**

1. As accións e omisións que contraveñan o establecido nesta Ordenanza xerarán responsabilidade administrativa, sen prexuízo da civil ou penal que, de ser o caso, puidese ser esixible.
2. As accións ou omisións que provocasen, directa ou indirectamente, afección á calidade das augas no dominio público hidráulico ou no dominio público marítimo-terrestre serán constitutivas das infraccións que para o efecto prevé a lexislación vixente en materia de augas, e serán sancionadas polos órganos administrativos que teñan atribuídas tales competencias.
3. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.
4. Considéranse infraccións LEVES:
  - a) A vertedura a rede de saneamento de titularidade municipal de augas residuais de natureza doméstica ou asimilable a doméstica sen contar co título habilitante de conexión, cando este sexa necesario, ou sen respectar as características das acometidas indicadas polo Servizo Municipal na solicitude de conexión.
  - b) A construción e modificación de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede, ou instalacións anexas a esta, mesmo sendo de propiedade particular, sen ter o título habilitante de conexión, ou sen se axustar ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás características esixidas nesta Ordenanza.
  - c) A utilización de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares) non autorizados, o



incumprimento das correspondentes obrigas de limpeza e mantemento destes, o non envío a un xestor autorizado do produto resultante das operacións de limpeza ou a conexión a estes sistemas de augas non permitidas na Ordenanza (artigos 7.3 e 7.7) sempre que non produza unha afección ao medio receptor, caso en que terán a consideración de infraccións graves.

- d) A non conexión ao sistema de saneamento por parte dos usuarios obrigados a iso, e sempre que non se produza unha clara afección ao medio receptor por parte dos sistemas autónomos utilizados, ou ben por xerar escorreduras de augas residuais en terreos públicos ou privados, casos en que terá a consideración de grave.
  - e) A dilución e a vertedura de augas brancas, agás que se trate dun volume desproporcionado ou que resulte rendible polo beneficio obtido acadar os límites de vertedura por dilución, caso en que terá a consideración de grave.
  - f) A falta de información a entidade xestora do aumento do volume do caudal de vertedura en máis dun 10%.
  - g) O incumprimento das condicións establecidas no permiso de vertedura, sempre que non se lles causen danos ás instalacións de saneamento municipal, ou ben cando estes danos non superen os 3.005,06 euros.
  - h) As accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal inferiores a 3.005,06 euros
  - i) No caso de existir unha sección de control, a modificación das súas características ou dimensións, ou a manipulación ou desprecintado dos equipamentos por persoal alleo ao Concello.
  - l) O incumprimento do plan de autocontrol cando así sexa esixido no permiso de vertedura.
  - m) A desobediencia aos requirimentos do Concello en relación coa adecuación de verteduras ou instalacións as condicións regulamentarias, e tamén en relación coa remisión de datos e informacións sobre as características do efluente, das actividades ou procesos que o xeran, ou das instalacións de tratamento previo.
  - n) A vertedura das augas residuais, ou de calquera outro tipo de residuo, mediante sistemas non canalizados (camións cisterna ou doutro tipo) á rede municipal de saneamento, sempre que se trate de verteduras procedentes de actividades domésticas ou asimilables e non estean autorizadas, segundo se establece no artigo 12.
  - o) Incumprimento de calquera prohibición establecida nesta Ordenanza ou a omisión dos actos a que obriga, sempre que non estean considerados como infraccións graves ou moi graves.
5. Considéranse infraccións GRAVES:
- a) Calquera conduta indicada no punto 4 da que deriven danos para o dominio público municipal ou perdas comprendidas entre 3.005,06 euros e 15.025,30 euros.
  - b) A obstrución ao labor inspector do Concello no acceso ás instalacións ou a negativa a facilitar a información requirida.
  - c) A realización de verteduras das substancias prohibidas relacionadas no anexo I a) desta Ordenanza.
  - d) A vertedura á rede de saneamento de titularidade municipal de augas residuais de natureza distinta a doméstica sen contar co permiso de vertedura correspondente ou con el caducado, revogado ou suspendido.
  - e) A vertedura á rede de saneamento de titularidade municipal de augas residuais de natureza distinta a doméstica con superación dos valores esixidos nos anexos I e II ou con vulneración dos esixidos no permiso de verteduras.
  - f) A vertedura de augas residuais sen tratamento previo, cando estas o requiran, ou sen respectar as limitacións especificadas nesta Ordenanza.
  - g) A non comunicación de circunstancias que comporten unha revisión do permiso de vertedura.
  - h) A ocultación ou falseamento de datos esixidos na solicitude de vertedura, e determinantes para o outorgamento do permiso de vertedura e/ou licenza de acometida.
  - i) A falta de comunicación das situacións de fugas, avarías, perdas, emerxencia ou perigo que lles



poidan afectar ás instalacións de saneamento municipal ou causar contaminación ou perigo en bens públicos ou privados, así como o incumprimento das ordes do Concello derivadas de tales situacións de perigo ou emerxencia.

- l) A non existencia das instalacións e equipamentos necesarios para a realización dos controis requiridos, ou mantelos en condicións non operativas.
  - m) A resistencia ou demora na instalación de elementos correctores que fosen esixidos para o cumprimento desta Ordenanza.
  - n) A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións prohibidos ou clausurados.
  - o) A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións non autorizadas, ou diferentes dos aprobados para o permiso de vertedura, así como o desprecintado, anulación ou manipulación dos que fosen colocados polo Concello.
  - p) A vertedura das augas residuais, ou de calquera outro tipo de residuo, mediante sistemas non canalizados (camións cisterna, ou doutro tipo) á rede municipal de saneamento, sempre que se trate de verteduras procedentes de actividades non domésticas ou asimilables.
6. Considéranse infraccións MOI GRAVES:
- a) Calquera conduta indicada no punto 5 da que deriven danos ao dominio publico municipal ou perdas superiores a 15.025,30 euros.
  - b) As infraccións cualificadas como graves no punto 5 que, por cantidade ou contaminación da vertedura, supoñan a existencia dun risco moi grave para a saúde das persoas, os recursos naturais ou o medio ambiente.
  - c) O falseamento e/ou a ocultación de datos para a obtención do correspondente permiso de vertedura e/ou licenza de acometida se fose susceptible de producir risco para a saúde ou a seguridade das persoas, para os bens do dominio público que conforman o Servizo Municipal de Saneamento ou para o medio natural receptor final do efluente.
  - d) O incumprimento das ordes de suspensión de verteduras non permitidas.
  - e) Evacuación de verteduras prohibidas nesta Ordenanza ou en condicións diferentes das permitidas, sen autorización administrativa expresa.

## **CAPÍTULO II. RÉXIME SANCIONADOR**

### **ARTIGO 33. SANCIÓN S**

1. As infraccións ás que se refire a presente Ordenanza serán sancionadas con multa ata o máximo previsto na vixente normativa de réxime local ou na lexislación sectorial que sexa de aplicación.
2. A presente Ordenanza, pois, introduce especificacións encanto ao réxime sancionador en relación co previsto nos artigos 280.2, 287 e 289 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, e en relación co previsto no artigo 108 a) da Lei 29/1985, de Augas, e artigos 316 f) e concordantes do Regulamento do dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986.
3. As infraccións a que se refire o artigo 32 serán sancionadas con multa de ata 6.010,12 €, as leves; de entre 6.010,13 ata 30.050,61 €, as graves; e de entre 30.050,62 ata 150.253,03€, as moi graves.

### **ARTIGO 34. GRADUACIÓN DAS SANCIÓN S.**

Para determina-la contía da sanción terase en conta a natureza da infracción, a gravidade do dano producido, a intencionalidade, a reincidencia, o beneficio obtido polo infractor así como as demais circunstancias concorrentes.

### **ARTIGO 35. VALORACIÓN DE DANOS**

1. A valoración dos danos ás obras hidráulicas para os efectos da aplicación do réxime sancionador á que se refire o presente capítulo será realizada pola entidade xestora e determinarase en función dos gastos de explotación e, de ser o caso, de reposición daquelas.



2. Os danos ás obras hidráulicas que conforman o sistema de saneamento e depuración calcularanse en euros/día, como resultado da ponderación do custo diario de explotación das instalacións públicas afectadas en relación co caudal e carga contaminante da vertedura de que se trate.
3. A entidade xestora determinará, de acordo cos orzamentos aprobados para o efecto e as correspondentes certificacións, os gastos de explotación repercutibles ao responsable da vertedura de que se trate.
4. A valoración de danos que servirá de base para a cualificación da infracción, para a cuantificación da sanción e, de ser o caso, da indemnización que deba impoñerse, resultará do cálculo a que se refire o punto segundo multiplicado polo número de días que se considere que a vertedura se mantivo en situación irregular.
5. Para os efectos do disposto no punto anterior, computaranse os gastos correspondentes a todo o período en que a instalación pública de saneamento ou de depuración de augas residuais quedase afectada pola vertedura irregular, mesmo se este for de carácter illado. En calquera caso, considerarase que a vertedura irregular se mantivo durante, cando menos, un día.
6. A valoración de danos deberá notificarse ao presunto/a infractor/a simultaneamente co prego de cargos que se dite no correspondente expediente sancionador.

#### **ARTIGO 36. REPARACIÓN DO DANOS E INDEMNIZACIÓNS.**

Con independencia da sanción que lle sexa imposta, o infractor poderá ser obrigado polo órgano sancionador a repoñer, á súa costa, as cousas ao seu estado anterior ou, no seu caso, a indemnizar os danos e prexuízos ocasionados mediante a oportuna valoración que leve a cabo a Administración e previa audiencia de aquel.

#### **ARTIGO 37.- RÉXIME XURÍDICO, PROCEDIMENTO E PRESCRICIÓN.**

Na tramitación dos expedientes sancionadores serán de obrigada observancia as normas administrativas de xeral aplicación que regulan o seu réxime xurídico, procedemento e prescrición, e en particular as normas contidas no Real decreto 1398/1993, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **ARTIGO 38. COMPETENCIA.**

1. Corresponde á Administración xestora das instalacións de saneamento onde se produza a infracción, a competencia para incoar, instruír e resolver os correspondentes expedientes sancionadores.
2. No ámbito da Administración hidráulica de Galicia, a competencia será a que establece a Lei 8/1993, de 23 de xuño.
3. No ámbito das Administracións locais, estarase o disposto na vixente normativa de réxime local.
4. As Administracións locais remitirán a Augas de Galicia ou, no seu caso, ao Organismo de Bacía competente por razón de, territorio, copia das resolucións que recaian nos expedientes sancionadores que haxan tramitado.
5. No caso de que os feitos advertidos puidesen dar lugar ás infraccións previstas no artigo desta Ordenanza, as Administracións locais se absterán de incoar procedemento algún, remitindo as actuacións a Augas de Galicia ou ben ao Organismo de conca competente por razón do territorio, á maior brevidade.

### **DISPOSICIÓNS FINAIS**

Primeira.

A primeira modificación do presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto no BOP, transcorrido o prazo de quince días previstos nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, e unha vez iniciada a nova concesión.



O que se fai público para xeral °oñecemento, facendo constar que contra o acordo e modificación do regulamento aprobada, poderá interpoñerse directamente ante o TSXG, no prazo de dous meses, contados dende esta publicación, recurso contencioso-administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 10.1b) e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





## ANEXO I

### Verteduras prohibidas

- a) Materias sólidas ou viscosas en cantidades ou tamaños tales que, por si soas ou por integración con outras, produzan obstrucións ou sedimentos que impidan o correcto funcionamento do sistema ou dificulten os traballos da súa conservación ou mantemento.
- b) Disolventes ou líquidos orgánicos inmiscibles na auga, combustibles ou inflamables.
- c) Aceites e graxas flotantes sólidas ou semisólidas.
- d) Substancias sólidas potencialmente perigosas.
- e) Gases ou vapores combustibles ou inflamables, explosivos ou tóxicos ou procedentes de motores de explosión.
- f) Materias que, por razón da súa natureza, propiedades ou cantidades, por si mesmas ou por integración con outras, poidan orixinar:
1. Calquera tipo de molestia pública.
  2. A formación de mesturas inflamables ou explosivas co aire.
  3. A creación de atmosferas molestas, insalubres, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o traballo do persoal encargado da inspección, limpeza, mantemento ou funcionamento do sistema.
  4. A coloración das augas residuais de tal xeito que non se pode eliminar con ningún dos procesos de tratamento usuais nas estacións depuradoras.
- g) Materias que, por si mesmas ou a consecuencia de procesos ou reaccións que teñan lugar dentro da rede, teñan ou adquiran calquera propiedade corrosiva capaz de danar ou deteriorar os materiais do sistema ou prexudicar o persoal encargado da súa limpeza e conservación.
- h) Residuos de natureza radioactiva.
- i) Residuos industriais ou comerciais que, polas súas concentracións ou características tóxicas ou perigosas, requiran un tratamento específico ou un control periódico dos seus efectos nocivos potenciais.
- l) As verteduras que por si mesmas ou a consecuencia de transformacións químicas ou biolóxicas que se poidan producir na rede de saneamento dean lugar a concentracións de gases nocivos na atmosfera da rede de sumidoiros superiores aos seguintes límites:
- Dióxido de carbono: 15000 ppm.
  - Dióxido de xofre: 5 ppm.
  - Monóxido de carbono: 25 ppm.
  - Cloro: 1 ppm.
  - Ácido sulfhídrico: 10 ppm.
  - Ácido cianhídrico: 4,5 ppm.
- m) Residuos sanitarios definidos na vixente normativa nesta materia.
- n) Residuos sólidos ou semisólidos xerados por sistemas de saneamento e depuración.
- o) Residuos de orixe pecuaria.



## ANEXO II

Parámetro	Valor límite	Unidades
Fosfatos	60,00	mg/l
Fósforo total	40,00	mg/l
Hidrocarburos	15,00	mg/l
Hidrocarburos aromáticos policíclicos	0,20	mg/l
Manganeso	5,00	mg/l
Materias inhibidoras	20,00	equitox
Mercurio	0,01	mg/l
Níquel	2,00	mg/l
Nitratos	50,00	mg/l
Nitróxeno amoniacal	30,00	mg/l
Nitróxeno total Kjeldahl	40,00	mg/l
Nonilfenol	1,00	mg/l
Percloroetileno	0,40	mg/l
Pesticidas	0,10	mg/l
Praguicidas totais	0,10	mg/l
Selenio	0,50	mg/l
Sólidos en suspensión	500,00	mg/l
Sulfatos	400,00	mg/l
Sulfhídrico	20,00	cc/m <sup>3</sup> de ar
Sulfuros disoltos	0,30	mg/l
Sulfuros totais	1,00	mg/l
Temperatura	30,00	°C
Tensioactivos aniónicos <sup>(2)</sup>	6,00	mg/l LSS
Triacinas totais	0,30	mg/l
Tributilestaño	0,10	mg/l
Triclorobenceno	0,20	mg/l
Zinc	2,00	mg/l

**Verteduras limitadas**

- (1) Poderán observarse valores superiores de AOX naqueles casos en que se cumbran os valores de organoclorados individualizados deste anexo II.
- (2) Suma de benceno, tolueno, etilbenceno e xileno.
- (3) Substancias activas co azul de metileno expresadas como lauril sulfato sódico (LSS).



## ANEXO III

## Condições de preservación de mostras e métodos analíticos

Parámetro para analizar	Tipo de envase <sup>(1-2)</sup>	Técnica de conservación <sup>(3)</sup>	Método analítico <sup>(4)</sup>
Temperatura		Para realizar <i>in situ</i>	Termometría.
PH	Indiferente	-	Potenciometría.
Conductividade	Indiferente	Refrigeración	Conductimetría.
Sales solubles	Indiferente	Refrigeración	Conductimetría. Gravimetría.

Parámetro para analizar	Tipo de envase <sup>(1-2)</sup>	Técnica de conservación <sup>(3)</sup>	Método analítico <sup>(4)</sup>
Materias en suspensión (MES)	Indiferente	Refrigeración	Filtración en discos de fibra de vidro (norma UNE ou similar).
Demanda química de oxixeno (DQO)	Indiferente (vidro no caso de valores baixos)	Acidificación ata pH<2 con H <sub>2</sub> SO <sub>4</sub> e refrigeración	Método do dicromato potásico. Norma UNE 77-004-89 ou similar.
Demanda bioquímica de oxixeno (DBO <sub>5</sub> )	Indiferente (vidro no caso de valores baixos)	Refrigeración	Método manométrico. Método de dilucións.
Aceites e graxas elou hidrocarburos totais	Vidro	Acidificación ata pH<2 con H <sub>2</sub> SO <sub>4</sub> ou HCl	Gravimetría. Espectrofotometría infravermella (IR). Cromatografía de gases (CG).
Materias inhibidoras (toxicidade)	Vidro	Refrigerar ou conxelar en función do tempo de almacenamento previo á análise	Inhibición de luminiscencia de vidro Fischeri (norma UNE-EN-ISO 11348-3).
Resto de parámetros (N-NH <sub>4</sub> , NTK, N-NO <sub>2</sub> , SO <sub>4</sub> <sup>-2</sup> etc.) agás os desonitos a continuación	Indiferente	Refrigeración	Espectrofotometría UV-Visible. Cromatografía iónica (CI). Potenciometría etc.
Cianuros	Indiferente	Adición de NaOH ata pH>12, refrigeración na escuridade	Espectrofotometría UV-Visible ou potenciometría logo de destilación.
Fósforo total	Vidro	Refrigeración	UV-Visible logo de dixestión. ICP-Masas.
Cloruros	Indiferente	-	Volumetría. Potenciometría. Cromatografía iónica (CI).
Fiuoruros	Plástico	-	Potenciometría UV-Visible. Cromatografía iónica.
Metais pesados (agás mercurio e cromo VI)	Plástico ou vidro lavado con HNO <sub>3</sub>	Acidificación ata pH<2 con HNO <sub>3</sub>	Absorción atómica, ICP-Masas. ICP-Óptica (OES).
Mercurio	Plástico ou vidro lavado con HNO <sub>3</sub>	Acidificación ata pH<2 con HNO <sub>3</sub> e refrigeración a 4°C	Absorción atómica por vapor frío. ICP-Masas.
Cromo VI	Indiferente	Refrigeración	UV-Visible.
Sulfuros	Plástico ou vidro	Refrigeración e adición de 4 gotas de acetato de Zn 2N/100 ml de mostras e NaOH ata pH>9	Espectrofotometría UV-Visible. Cromatografía iónica.
Fenóis totais	Indiferente	Refrigerar e acidificar ata pH<2 con H <sub>2</sub> SO <sub>4</sub>	Espectrofotometría UV-Visible. Cromatografía de gases. HPLC.

1. De acordo coas condicións de conservación establecidas no *Standard Methods for the examination of water and wastewater. 20th Edition.*
2. De acordo coas condicións de conservación establecidas no *Standard Methods for the examination of water and wastewater. 20th Edition.*
3. Os volumes tomados para cada parámetro dependerán da concentración do contaminante que cómpre determinar e da técnica analítica asociada. En todo caso, o laboratorio encargado da determinación analítica fixará o volume necesario de mostra en función dos seus procedementos de traballo.
4. Os métodos analíticos que se seguirán para a determinación de cada un dos parámetros estarán baseados en normas UNE-EN, EN, UNE ou en metodoloxía aceptada internacionalmente.